

[PEC]

PLAN ESTRATÉXICO CENTRO 2024-2026

Índice de contidos

1.	Introdución ao PEC.....	4
2.	Breve historia do centro.....	4
2.1.	Orixe do centro.....	4
2.2.	Catálogo actual de titulacións.....	5
2.2.1.	Graos.....	5
2.2.2.	Mestrados.....	5
2.2.3.	Programas de doutoramento dos departamentos adscritos.....	5
2.3.	Grupos de investigación actuais.....	5
2.4.	Estrutura e infraestrutura do centro.....	6
2.5.	Sistema de garantía de calidade.....	7
3.	Misión, visión e valores do centro.....	8
3.1.	Misión.....	8
3.2.	Visión.....	8
3.3.	Valores.....	9
4.	Liñas estratéxicas.....	9
4.1.	Introdución ás liñas estratéxicas.....	9
4.2.	Liña estratéxica do centro 1 (LEC-1): Calidade académica e científica para o futuro.....	10
4.3.	Liña estratéxica do centro 2 (LEC-2): Optimización de infraestruturas e recursos.....	10
4.4.	Liña estratéxica do centro 3 (LEC-3): Proxección social.....	11
4.5.	Liña estratéxica do centro 4 (LEC-4): Benestar das persoas.....	11
5.	Diagnose estratéxica.....	11
5.1.	Introdución á diagnose estratéxica.....	11
5.2.	Diagnose estratéxica da LEC-1: Calidade académica e científica para o futuro.....	12
5.2.1.	Análise DAFO.....	12
5.2.2.	Análise CAME.....	15
5.3.	Diagnose estratéxica da LEC-2: Optimización de infraestruturas e recursos.....	16
5.3.1.	Análise DAFO.....	16
5.3.2.	Análise CAME.....	19
5.4.	Diagnose estratéxica da LEC-3: Proxección social.....	20
5.4.1.	Análise DAFO.....	20
5.4.2.	Análise CAME.....	22
5.5.	Diagnose estratéxica da LEC-4: Benestar das persoas.....	24
5.5.1.	Análise DAFO.....	24
5.5.2.	Análise CAME.....	25

6.	Obxectivos estratéxicos.....	27
6.1.	Introdución aos obxectivos estratéxicos.....	27
6.2.	Cadros de seguimento das LEC baseadas en obxectivos.....	31
7.	Desenvolvemento do PEC.....	37
7.1.	Comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PEC.....	37
7.2.	Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC.....	38

TÁBOA DE CONTROL DA ELABORACIÓN E APROBACIÓN

Fase	Unidade / Órgano	Data
F.1. Proposta inicial	Equipo de Dirección do Centro (EDC) e Comisión de Docencia e Calidade do Centro para a elaboración do Plan Estratéxico do Centro (PEC)	20/12/2024
F.2. Supervisión	Comisión de Docencia e Calidade do Centro e grupos de interese	13/01/2025
F.3. Aprobación inicial	Xunta de Facultade de Xeografía e Historia	29/01/2025
F.4. Revisión	Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (SCVTI)	04/02/2025
F.5. Proposta final	Equipo de Dirección do Centro (EDC)	06/02/2025
F.6. Aprobación proposta final	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	26/11/2025

1. INTRODUCCIÓN AO PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO

O Plan Estratéxico do Centro (PEC)¹ é un instrumento de planificación da Facultade destinado a establecer a súa misión e os valores baixo os que acadar a súa visión, así como aliñar a súa planificación coa política e os obxectivos xerais da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Este documento deberá determinar e analizar as liñas estratéxicas mediante unha reflexión sobre o estado actual do centro e unha perspectiva do seu desenvolvemento futuro.

A iniciativa da súa elaboración recae no Equipo de Dirección do Centro (EDC), porén, na elaboración do PEC deben xerarse evidencias da participación de todos os grupos de interese.

O horizonte temporal do PEC non pode superar o marco temporal do plan estratéxico da USC ou da Programación Plurianual, que se considera equivalente (actualmente 2026).

No caso particular do Centro, o PEC ten como obxectivo xeral consolidar a calidade académica e científica, optimizar infraestruturas e recursos, fortalecer a proxección social e promover o benestar da comunidade universitaria. A súa elaboración parte dunha análise do contexto actual da facultade, marcado pola necesidade de adaptación ás transformacións do ensino superior, a renovación metodolóxica e a mellora das condicións de traballo e estudo. O PEC estrutúrase en liñas estratéxicas que buscan responder aos desafíos da dixitalización, a sustentabilidade, a internacionalización e a interacción coa sociedade.

O proceso de elaboración foi participativo e contou coa implicación activa do EDC, a Comisión de Docencia e Calidade e os diferentes grupos de interese da facultade. A través de consultas, diagnose estratéxica e a recollida de propostas, asegurouse que este plan reflicta as necesidades reais do centro e a súa comunidade, promovendo unha execución viable e efectiva.

2. BREVE HISTORIA DO CENTRO

2.1. Orixe do centro

A Facultade de Xeografía e Historia (en adiante, FXH)² da Universidade de Santiago de Compostela creouse no ano 1975, aínda que ten a súa orixe na Facultade de Filosofía e Letras, na que se estableceu unha Sección de Historia no ano 1922. Atópase situada nun edificio histórico que foi antiga sede da Universidade, no corazón da Cidade Monumental compostelá. Segundo planos de Miguel Ferro Caaveiro, o edificio foi construído no último terzo do século XVIII, mais sufriu transformacións a finais do século XIX.

¹ De acordo coa Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (LOU) establécese unha reconfiguración do sistema de xestión e gobernanza das universidades na que se fai unha referencia explícita aos plans estratéxicos

² Localizada na Praza da Universidade 1, 15703, Santiago de Compostela (A Coruña), con coordenadas xeográficas: 42° 52' 42.6" N – 8° 32' 32.1" W.

2.2. Catálogo actual de titulacións

2.2.1. Graos

A FXH acolle actualmente tres titulacións de Grao, con diferentes edicións:

- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Grao en Historia.
- Grao en Historia da Arte.

2.2.2. Mestrados

A FXH acolle actualmente seis titulacións de Mestrado, con diferentes edicións:

- Mestrado Universitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.
- Mestrado Universitario en Desafíos das Cidades.
- Mestrado Universitario en Historia Contemporánea.
- Mestrado Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII.
- Mestrado Universitario en Patrimonio Cultural Dixital.
- Mestrado Universitario en Planificación e Xestión Territorial.

2.2.3. Programas de doutoramento dos departamentos adscritos

A FXH oferta actualmente tres programas de doutoramento dependentes da EDIUS (Escola de Doutoramento Internacional da USC): Programa de Doutoramento en Historia, Historia da Arte e Xeografía, Programa de Doutoramento en Estudos Medievais, e Programa de Doutoramento en Historia Contemporánea.

2.3. Grupos de investigación actuais

A FXH constitúe un centro de investigación punteiro en humanidades e ciencias sociais. Editamos catro revistas (Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade; Ohm: Obradoiro de Historia Moderna; Quintana: revista do departamento de Arte; Sémata: ciencias sociais e humanidades) e temos vixentes 44 proxectos competitivos de convocatoria pública, xunto con 25 contratos, 3 convenios de colaboración e 5 reunións científicas. A suma de importe económico xerado no presente con estas actividades é de ~4,6 millóns de euros. Entre outras estruturas de investigación, destacan catro grupos de referencia competitiva e sete de potencial crecemento. Un total de 18 grupos de investigación contan con numerosos PDI adscrito da FXH, mais son 22 os grupos de investigación considerando a actividade nas titulacións.

Cabe destacar tamén que parte do persoal docente e investigador da FXH forma parte individualmente ou mediante grupos de investigación do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA), ou do Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS).

O persoal da FXH atópase adscrito maioritariamente nalgún dos seguintes grupos de investigación:

- *AEVUM: Idade Media e Medievalismos.*
- ANTE: Análise Territorial.
- ESTE: Estudos Territoriais.
- GEMAP: Estudos Medioambientais Aplicados ao Patrimonio Natural e Cultural
- *GEPN–AAT: Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico. Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio.*
- *HISPONA: Historia Política e dos Nacionalismos.*
- *HISTAGRA: Grupo de Historia Agraria e Política do Mundo Rural. Séculos XIX e XX.*
- *HISTAMÉRICA: Historia de América.*
- *HISTORIA MODERNA.*
- *IACOBUS: Proxectos e estudos sobre patrimonio cultural.*
- *IDEAHS: Investigación e Desenvolvemento en Artes e Humanidades.*
- *ORGANISTRUM: Estudos Históricos de Música en Galicia e América (ss. XI-XX).*
- *SCRIPTA: Escritura, Pensamento e Sociedade.*
- *SIFC: Síncrisis, Investigación en Formas Culturais.*
- TEAM: Territorio e Ambiente.

2.4. Estrutura e infraestrutura do centro

A FXH está estruturada nos departamentos de Xeografía, Historia e Historia da Arte, os tres con sede no centro e que conteñen catorce áreas de coñecemento nas que traballa o PDI deste. O departamento de Xeografía acolle tres áreas de coñecemento: Xeografía Física, Xeografía Humana, Análise Xeográfica Rexional. O departamento de Historia acolle nove áreas de coñecemento: Arqueoloxía, Biblioteconomía e Documentación, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Historia Antiga, Historia Contemporánea, Historia de América, Historia Medieval, Historia Moderna e Prehistoria. O departamento de Historia da Arte acolle dúas áreas de coñecemento: Historia da arte e Música.

Con docencia no centro pero sen sede hai 15 departamentos, 13 da USC (“Dereito Público e Teoría do Estado”, “Edafoloxía e Química Agrícola”, “Filoloxía Galega”, “Electrónica e Computación”, “Ciencias da Comunicación”, “Botánica”, “Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana”, “Filosofía e Antropoloxía”, “Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral”, “Pedagogía e Didáctica”,

“Producción vexetal e Proxectos de Enxeñaría”, “Economía Aplicada”, “Enxeñaría Forestal”), máis un Departamento externo vinculado as titulacións e outro Departamento externo de Estudos Propios. En termos de alumnado, acolle a máis de 1.200 estudantes dos tres graos, entre 150 e 170 estudantes de mestrado, e unha cifra que oscila entre os 230 e 250 estudantes de doutoramento.

Entre os recursos de docencia e investigación máis salientables da FXH, convén sinalar a Biblioteca. Ten unha infraestrutura de 355 postos de lectura (sala de lectura: 300; sala de investigadores (Bib. Lago): 8; sala de acceso directo e traballo en grupo (Claustro): 40; depósito (acceso restrinxido): 7) e atópase nutrida por 113.000 monografías, 4.768 monografías audiovisuais e material non librario, 3.187 títulos de revista, e 27.264 (aproximado) de total de número de exemplares de revistas. A Biblioteca está en constante renovación e dixitalización, ofrecendo múltiples servizos aos usuarios da FXH como ao resto da comunidade universitaria.

O edificio da FXH reúne, malia tratarse dun edificio histórico e con aspectos mellorables para facer fronte ás labores docentes, reúne as condicións adecuadas para o desenvolvemento dos títulos que nela se imparten. É precisamente esta categoría de inmovible histórico o que leva a limitar as accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase analizando o plan director para a súa rehabilitación e xestión integral.

O edificio conta tamén con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espazos e as diferenzas de accesibilidade. Porén, no presente estase a desenvolver unha obra que mellore o acceso ao edificio para persoas con mobilidade reducida, así como unha ampliación do tamaño do ascensor para facer máis doada a entrada de cadeiras de rodas.

Dispón de 18 aulas e 8 seminarios dotados de sistemas de videoconferencia multi-punto, ordenador e canóns de proxección múltiple, proxección dixital e conexión a internet *Ethernet* e *Wi-Fi*. Así mesmo, cóntase cun laboratorio, un aula de cartografía, dúas aulas de informática, un laboratorio técnico de prehistoria, e un aula do Mestrado en Historia Contemporánea. Todas estas instalacións complementáanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual, sala de xuntas e o Paraninfo. A capacidade das aulas suma un aforo de 1.126 postos, cun aula máxima de 180 postos e mínima de 20 postos.

2.5. Sistema de garantía de calidade

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da FXH abrangue a todas as titulacións oficiais, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, inclúe a toda comunidade do centro: alumnado, Persoal Docente e Investigador (PDI), e Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS).

O SGC da FXH contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, e a toma de decisións para a mellora continua. Tamén recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e do propio centro, e a revisión periódica do funcionamento do sistema co obxecto de garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Para garantir un compromiso e atención sistemática, estruturada e continua á calidade, en termos de mantemento e mellora continua das titulacións que se imparten no centro: i. Identifica as necesidades

e expectativas dos seus grupos de interese; ii. Identifica os procesos necesarios para o sistema de xestión de calidade e a súa aplicación para dar resposta ás necesidades dos grupos de interese; iii. Determina a secuencia e interacción destes procesos; iv. Determina os criterios e métodos necesarios para asegurar que tanto a operatividades coma o seguimento destes procesos sexan eficaces e satisfagan as necesidades dos grupos de interese; v. Asegura a dispoñibilidade de recursos e información necesarios para apoiar a operatividade e o seguimento destes procesos; vi. Realiza o seguimento, a medición e a análise destes procesos; vii. Implanta as accións necesarias para alcanzar os obxectivos planificados e mellorar continuamente os seus procesos para satisfacer as necesidades dos grupos de interese.

2.6. Sistema de seguridade e saúde

O Plan de Prevención de Riscos Laborais (PPRL) da USC aplícase ás facultades integrando a prevención de riscos laborais nas súas actividades cotiás. A dirección da FXH, en colaboración cos responsables de unidades e o Servizo de Prevención de Riscos (SPR), ten a responsabilidade da implantación do PPRL, mentres que sobre os delegados/as de prevención e o resto da comunidade universitaria recaen funcións de colaboración e cumprimento.

O PEC trata de facer a integración do PPRL como un obxectivo transversal, aliñando as accións preventivas coa mellora de espazos e actividades académicas, asignando recursos específicos, fomentando a formación e sensibilización do persoal e estudantes, e incluíndo indicadores de seguimento que avalíen a eficacia das medidas tomadas para garantir un ambiente seguro e saudable.

3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES DO CENTRO

3.1. Misión

Formar profesionais comprometidos co estudo, análise e comprensión das realidades xeográficas, históricas, artísticas, sociais e culturais, contribuíndo á construción dunha sociedade máis xusta, crítica e consciente da súa diversidade.

3.2. Visión

Ser un referente nacional e internacional na formación, investigación, transferencia e difusión do coñecemento no ámbito das ciencias humanas e sociais. A FXH quere ser recoñecida como un lugar onde o pasado e o presente se estudan para interpretar e transformar o futuro, guiándose sempre pola excelencia, a innovación e o compromiso ético. O centro debe ser i. Innovador e adaptado aos retos do futuro; ii. Interdisciplinar e conectado internacionalmente; iii. Comprometido coa sociedade e o territorio; e iv. Inclusivo e centrado nas persoas.

3.3. Valores

Os valores da FXH representan os principios éticos e culturais que guían o comportamento e as decisións da organización. Esta cultura corporativa queda recollida en catro piares:

Integridade. Actuar con responsabilidade e ética nas investigacións, publicacións e accións, e contribuír ao benestar da sociedade a través do coñecemento.

Inclusión e colaboración. Fomentar o traballo en equipo e o respecto mutuo, garantindo un ambiente académico que celebre a diversidade cultural, social e ideolóxica, promovendo a igualdade de oportunidades e a inclusión.

Innovación educativa. Apostar pola incorporación e ensaio de modelos pedagóxicos e tecnolóxicas que axuden na mellora da calidade do ensino e da aprendizaxe.

Compromiso ambiental. Fomentar o respecto polo medio ambiente e a sustentabilidade nas investigacións, plans territoriais e actuacións vinculadas á xeografía, a historia e o patrimonio.

4. LIÑAS ESTRATÉXICAS

4.1. Introducción ás liñas estratéxicas

As liñas estratéxicas da FXH (en diante LEC, liñas estratéxicas do centro) agrupan un conxunto de obxectivos e iniciativas relacionadas co centro co fin de definir prioridades de actuación que axuden a súa mellora e avance. Cada LEC establecida marca a dirección das accións e proxectos necesarios para acadar os obxectivos definidos no PEC. Isto facilitará, en primeiro lugar, a organización do equipo humano da FXH, dos recursos económicos e de tipo material, o que tamén permitirá aliñar os intereses de profesorado, alumnado, persoal de administración e servizos, e grupos externos interesados (sociedade, empresas, institucións, entre outros). En última instancia, trátase de garantir que todos os integrantes da FXH traballen nunha dirección compartida para mellorar o impacto e o funcionamento do centro.

No presente PEC 2024-2026 amósanse catro LEC que pretenden coller un limiar inclusivo e representativo da realidade da FXH como da sociedade para a que traballa. Deste xeito, abórdanse aspectos tanto académicos como de formación, ou de infraestruturas e recursos, ata outros centrados na convivencia e a saúde, e sempre pensando tanto nos estudantes como no PDI e PTXAS. Cada unha destas catro LEC relaciónase con algunha das oito liñas estratéxicas marco (LE) da USC (Figura 1). Optouse por denominar as liñas estratéxicas con nomes claramente intencionados e pouco rimbombantes.



Figura 1. Relación entre as liñas estratéxicas do centro (LEC) e as liñas estratéxicas marco (LE) da USC.

4.2. Liña estratéxica do centro 1 (LEC-1): Calidade académica e científica para o futuro

Esta LEC ten como pretensión adaptar a FXH aos retos dun mundo en constante transformación. A sociedade actual, caracterizada pola globalización, a dixitalización e os cambios socio-culturais, require unha formación máis flexible, innovadora e comprometida coa calidade, que dote ao profesorado e alumnado de competencias para responder aos desafíos do século XXI. Dentro desta liña está optimizar a xestión académica a través da dixitalización e simplificación dos procesos, pero sempre en aras dunha docencia máis adaptada as necesidades do alumnado.

Acadar unha calidade académica e científica de alto valor é unha labor conxunta de alumnos, docentes, investigadores e persoal administrativo. Non se pode pensar en calidade académica sen unha xestión eficiente do engranaxe que move a FXH. Trátase, en suma, de considerar ao centro coma un todo unificado.

A LEC-1 alíñase coas LE 1, 2, 4, 5, 7

4.3. Liña estratéxica do centro 2 (LEC-2): Optimización de infraestruturas e recursos

A LEC-2 da FXH responde á necesidade de garantir unhas instalacións e recursos que cumpran cos estándares de calidade e permitan unha docencia, investigación e xestión eficientes. Nun contexto de limitacións orzamentarias e retos tecnolóxicos, é fundamental aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles e adaptarse ás novas necesidades da comunidade académica. Desde a FXH quérese apostar decididamente pola mellora da sustentabilidade das infraestruturas, o fomento dun uso máis

eficiente dos espazos e equipamentos, e a integración de solucións tecnolóxicas e/ou analóxicas que optimicen o traballo diario.

A LEC-2 alíñase coas LE 6, 7, 8.

4.4. Liña estratéxica do centro 3 (LEC-3): Proxección social

A LEC-3 busca fortalecer a conexión entre a FXH e a sociedade, promovendo o impacto social do coñecemento xerado e facilitando a súa transferencia á cidadanía e o territorio. Esta liña céntrase, por unha banda, na transferencia do coñecemento e relación coa contorna social para crear vínculos coas institucións, empresas e colectivos sociais capaz de resolver retos actuais, ao tempo que se fomenta a participación activa en proxectos culturais, científicos e educativos. A idea última é facer un centro amigable e entendible pola sociedade. Pola outra banda, tamén se procura a internacionalización desde o local, como centro de referencia en xeografía, historia e historia da arte para o resto da comunidade científica nacional e internacional.

A LEC-3 alíñase coas LE 1, 5.

4.5. Liña estratéxica do centro 4 (LEC-4): Benestar das persoas

A LEC-4 reflicte o compromiso da FXH co benestar e a saúde mental de toda a súa comunidade. As persoas son o motor do centro, polo que garantir o seu benestar físico e emocional é chave para crear un ambiente de traballo e aprendizaxe satisfactorio, produtivo e saudable. Esta LEC inclúe medidas orientadas a fomentar a igualdade, a diversidade e a conciliación, ademais de ofrecer apoio efectivo fronte a retos persoais ou profesionais.

A pretensión última é a construción dun espazo académico baseado no diálogo e a inclusión de toda a súa comunidade. Nunha sociedade plural e en transformación, fomentar a participación activa do alumnado, PDI e PTXAS é esencial para fortalecer os valores democráticos e garantir un ambiente de traballo e aprendizaxe respectuoso e de colaboración. Esta liña debe, polo tanto, promover mecanismos que faciliten a toma de decisións colectivas, a igualdade de oportunidades e a resolución de conflitos desde o entendemento mutuo.

A LEC-4 alíñase coas LE 1, 3, 4.

5. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

5.1. Introducción á diagnose estratéxica

Nesta sección do PEC preséntanse aqueles elementos que consideramos que constitúen os puntos fortes que posúe a FXH para o desenvolvemento das súas actividades docentes e investigadoras, así

como desde o punto de vista de servizo á comunidade. Tamén faise referencia ás oportunidades, é dicir, aos elementos que nun sentido positivo poden ser aproveitados tendo en conta as fortalezas referidas.

No que respecta ás debilidades, tívose en conta aquilo que constitúe elementos ou feitos negativos que afectan á FXH e ao seu persoal no desenvolvemento das súas funcións, e que, nese sentido, serán obxecto de atención para ser corrixidas.

Finalmente, tamén se inclúe un apartado para referir aos elementos que potencialmente poden supoñer unha ameaza para o centro, interna e externamente, e que, polo tanto, deben ser motivo de especial prevención.

5.2. Diagnose estratéxica da LEC-1: Calidade académica e científica para o futuro

5.2.1. Análise DAFO

LEC-1	ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
Factores internos vinculados ao presente	Fortalezas <u>PDI con recoñecida cualificación e experiencia:</u> Un profesorado con prestixio académico e científico, recoñecido en ámbitos nacionais e internacionais. <u>Oferta académica ampla e diversificada:</u> A FXH ofrece graos, mestrados e programas de doutoramento en áreas de coñecemento relacionadas coa Xeografía, Historia e Historia da Arte, así como outras especializacións modernas (p.e., Patrimonio Cultural Dixital). Tódolos títulos están acreditados e con diversas mencións de calidade. <u>Actividade investigadora consolidada:</u> Conta con 22 grupos de investigación activos e tres departamentos que conducen a docencia e investigación.	Debilidades <u>Carga docente elevada e insuficiencia de persoal en áreas específicas:</u> Algunhas áreas de ensino e investigación están sobrecargadas pola falta de suficientes docentes e investigadores para cubrir as demandas actuais. <u>Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción:</u> Limita parcialmente a súa representatividade e a fiabilidade dos resultados obtidos. <u>Baixa participación nos cursos formativos e de innovación docente:</u> Tanto entre PDI como nos estudantes. Isto limita a capacidade de introducir os recursos formativos ofertados na actividade docente e investigadora.

	• <u>Renovación xeracional no PDI</u>: Proceso que se leva producindo nos últimos anos (numerosos doutores/as con dedicación a tempo completo, estable ou en procesos de estabilización), co aporte de novas perspectivas, metodoloxías e a capacidade de adaptarse mellor (presuponse) ás demandas tecnolóxicas. Tamén, relevante número de investigadores post doutorais con contratos altamente competitivos e contratados pre doutorais en formación. • <u>PTXAS de alto valor</u>: Con dedicación a tempo completo, elevada experiencia e nivel de implicación e, maioritariamente, estable. • <u>Alumnado implicado e vocacional</u>: Ingreso maioritario como primeira opción, cunha matrícula estable e diversificada na oferta formativa do centro. • <u>Eventos académicos e científicos destacados</u>: Organización de congresos, seminarios, conferencias, entre outros. • <u>Formación en competencias dixitais</u>: A biblioteca universitaria da FXH imparte cursos ao respecto a alumnado de grao, de mestrado, de doutoramento, e ao PDI e PTXAS.	• <u>Elevada idade media do PDI</u>: Condiciona a renovación xeracional (taxas de reposición e falta de financiamento). • <u>Escasa participación do PTXAS nos órganos colexiados da FXH</u>. • <u>Escasa participación dos estudantes nos órganos colexiados da FXH</u>: Limitacións na información e de comunicación bidireccional estudantes-FXH. Falta de proxección internacional da oferta formativa. • <u>Insuficiente coordinación no desenvolvemento da oferta formativa da FXH</u>: Solapamento, competencia interna e limitada modularidade entre os títulos ofertados. • <u>Descompensación entre a actividade docente e investigadora</u>: Falta de sistematicidade nas sinerxías entre ambas e limitada visibilidade como elementos residentes na FXH dos propios grupos de investigación e proxectos.
--	---	--

Factores externos vinculados ao futuro	Oportunidades • <u>Incremento da interdisciplinidade</u>: O vínculo entre xeografía, historia, e historia da arte ofrece oportunidades para abordar desafíos globais como o cambio climático ou a conservación patrimonial. • <u>Capacidade de transferencia de coñecementos</u>: Entre o persoal sénior e o novel, aproveitando todos os recursos que proporciona a experiencia para completar a formación dos que están chegando. Existencia de novas perspectivas e achegas que proporcionan a diversidade de perfís de acceso ao PDI existente. • <u>Aumento da oferta en cursos de formación</u>: O PFID está a responder ás novas demandas que xorden co uso das tecnoloxías emerxentes na docencia e na xestión. • <u>Creación de novas colaboracións</u>: Apertura de outros horizontes docentes e de investigación con universidades, tanto a nivel nacional como internacional. • <u>Convenios con institucións e empresas</u>: Convenios de prácticas sólidos e diversos para que o alumnado desenvolva competencias prácticas e conecte coa realidade profesional do seu ámbito.	Ameazas • <u>Obsolescencia da oferta formativa</u>: Falta de adecuación aos retos da sociedade da información e do coñecemento. • <u>Xubilacións masivas</u>: Sen reposición e falta de financiamento para estabilizar ao PDI novel. • <u>Perda de interese e motivación do PTXAS</u>. • <u>Baixada de matrícula</u>: Por falta de atractivo na oferta formativa e busca de alternativas (outras facultades nacionais ou internacionais, formación en liña). • <u>Baixada da taxa de inserción laboral</u>: Por falta de adecuación da oferta formativa á realidade social existente. • <u>Política científica actual</u>: Perda de diversidade, competitividade e calidade dos grupos de investigación existentes. • <u>Risco de estancamento en innovación</u>: Se non se aposta por novas tecnoloxías e tendencias, a FXH pode quedar atrás en relación con outros centros doutras universidades. • <u>Incertezas nos orzamentos públicos</u>: Posibles recortes no financiamento público poden afectar á calidade da investigación e da docencia.
---	--	--

		• <u>Desafíos demográficos</u>: A baixa natalidade en Galicia poden reducir a demanda de prazas universitarias a medio e longo prazo.
--	--	---

5.2.2. Análise CAME

LEC-1	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Fortalezas	Estratexias de reforzo • <u>Fomentar unha comunidade académica en cohesión</u>: Reforzar as relacións entre o alumnado, o PDI e PTXAS, fomentando un sentimento de pertenza que potencie a calidade. • <u>Consolidar o traballo interdepartamental</u>: Promover a colaboración entre departamentos para fortalecer a calidade da investigación e a docencia. • <u>Optimizar o uso das instalacións da FXH</u>: Para desenvolver actividades extracurriculares que promovan a colaboración con profesionais en activo.	Estratexias correctoras • Diseñar accións que fomenten unha maior implicación do alumnado nas enquisas de satisfacción. • <u>Reducir a resistencia ao cambio</u>: Impulsar campañas de sensibilización sobre a importancia da exploración (e adaptación, se procede) aos novos paradigmas educativos. • <u>Actualizar os plans de estudo</u>: Revisión continua dos contidos académicos para garantir que responden ás demandas actuais da sociedade e do mercado laboral. • <u>Mellorar a comunicación interna</u>: Crear canles efectivas para a comunicación entre todos os membros da FXH, reducindo malentendidos e aumentando a colaboración.
Debilidades	Estratexias de acción • <u>Crear un comité consultivo externo</u>: Integrado por profesionais en activo e co obxectivo de achegar unha visión práctica e actualizada	Estratexias de resiliencia • Enfrontar a globalización con identidade local: Promover proxectos que combinen a riqueza cultural e patrimonial galega coas demandas

	sobre as competencias e habilidades que buscan os empregadores nos egresados.	dunha sociedade globalizada. - Afrontar os retos da competencia: Enfrontar a globalización con identidade local e diferenciar á FXH doutras institucións académicas a través dunha proposta única que destaque a súa calidade e tradición. <u>Fomentar a sustentabilidade institucional</u>: Desenvolver estratexias de financiamento diversificadas que aseguren a viabilidade dos proxectos académicos e científicos, mesmo en contextos económicos adversos. <u>Análise e deseño de medidas que minimicen o impacto da carga burocrática</u>: Referido aos cargos de xestión de PDIs, pero tamén de PTXAS, para permitir dedicar máis tempo e recursos ao desenvolvemento de accións estratéxicas.
--	---	--

5.3. Diagnose estratéxica da LEC-2: Optimización de infraestruturas e recursos

5.3.1. Análise DAFO

LEC-2	ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
Factores internos vinculados ao presente	Fortalezas <u>Capital simbólico</u>: A FXH goza dunha localización privilexiada en pleno Campus Histórico, o que facilita o acceso á cidade e á infraestrutura cultural, optimizando os recursos xa existentes.	Debilidades <u>Cuestións xerais de infraestrutura</u>: Problemas de espazos, contaminación e dano das infraestruturas do edificio, de avellentamento do inmoble en despachos, aulas e espazos comúns. Tamén con deficiencias no reparto dos espazos, falta de

	• <u>Infraestruturas existentes</u>: O edificio conta con espazos específicos para docencia, investigación, e arquivo histórico, o que permite unha mellor xestión dos recursos e apoio ás actividades académicas e científicas. • <u>Soporte tecnolóxico</u>: Existe unha estrutura básica de recursos tecnolóxicos para a docencia e investigación, pero que pode ser optimizada con investimento adicional.	racionalidade dos seus usos, escasa ventilación e/ou iluminación. • <u>Inadaptación das infraestruturas do edificio para persoas con mobilidade reducida</u>: Limita a accesibilidade, a inclusividade e o cumprimento das normativas de accesibilidade vixentes. • <u>Biblioteca</u>: Constitúe un caso en si mesmo, unha das grandes problemáticas pola súa dificultade de nova localización (buscar solución aos fondos almacenados na cafetería e á problemática futura da colección), ou a antigüidade das instalacións, que xera custos de mantemento elevados e dificulta a adaptación a novas tecnoloxías. Os problemas da biblioteca son de tipo actual (p.e., dano nos forxados de tódolos depósitos (5 depósitos), crecemento continuo, inexistencia dunha política de expurgo intermedio, ocupación da cafetería) e problemas futuros (p.e., o plan director reduce o espazo da biblioteca nun 72%, inclúe un repositorio que non permite o crecemento da colección nin o acceso directo (acceso restrinxido ao persoal da biblioteca), e traslada a sala de traballo en grupo; igualmente, o traslado da
--	---	---

		colección é necesario cando se decida renovar o espazo). • <u>Gas radón</u>. Edificio construído con granito e con espazos pouco ventilados. Isto supón un risco para a saúde das persoas que ocupan o edificio, ademais de posibles incumprimentos da lexislación vixente en materia de saúde laboral e seguridade ambiental. • <u>Falta de modernización dos espazos</u>: Algúns espazos non están adaptados ás necesidades modernas, como laboratorios de tecnoloxía avanzada ou recursos audiovisuais de última xeración. • <u>Necesidade de actualización tecnolóxica</u>: Aínda que hai iniciativas en forma de mestrado, non queda claro o grao de integración tecnolóxica na docencia e na investigación. • <u>Comunicación dixital limitada</u>: A información dispoñible na páxina web podería ser máis accesible e moderna para atraer novos estudantes e investigadores.
Factores externos vinculados ao futuro	Oportunidades • <u>Plan Director</u>: Existencia dun marco para levar adiante unha reforma integral da FXH e dos seus espazos que multipliquen as súas potencialidades. • <u>Colaboracións interinstitucionais</u>: Alianzas	Ameazas • <u>Custos elevados no proceso de actualización</u>: A modernización das infraestruturas pode ser moi custosa e depender de partidas orzamentarias externas.

	con institucións culturais, universidades ou centros de investigación para compartir recursos e infraestruturas. • <u>Acceso a fondos públicos</u>: Posibilidade de captar financiamento para a mellora de infraestruturas e a eficiencia enerxética en edificios de alto valor histórico mediante programas de transición ecolóxica, dixitalización ou conservación.	• <u>Restricións orzamentarias</u>: Crises económicas ou axustes orzamentarias poden limitar recursos dispoñibles para investimentos en infraestruturas.
--	--	--

5.3.2. Análise CAME

LEC-2	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Fortalezas	Estratexias de reforzo • <u>Consolidar o uso eficiente dos espazos</u>: Mellor planificación das actividades docentes e investigadoras. • <u>Promover o uso das infraestruturas existentes</u>: Por exemplo, para eventos externos como congresos, coloquios ou seminarios. • <u>Manter e potenciar o soporte tecnolóxico</u>: Investimentos regulares en actualizacións de <i>software</i> e <i>hardware</i>.	Estratexias correctoras • <u>Actualización páxina web</u>: Solicitar ao goberno da USC a actualización deste recurso da FXH para mellorar o seu uso, navegación e atractivo visual. • <u>Adaptar o edificio ás normativas de accesibilidade universal</u>: Garantir a inclusión de persoas con mobilidade reducida. • <u>Plan de mantemento preventivo das infraestruturas</u>: En aras de reducir custos a longo prazo e minimizar interrupcións.
Debilidades	Estratexias de acción • <u>Solicitar fondos de fontes externas</u>: Modernización das infraestruturas, con especial	Estratexias de resiliencia • <u>Plan de continxencia para restricións orzamentarias</u>: Dar prioridade a proxectos

	atención á eficiencia enerxética e á dixitalización. • <u>Crear alianzas con universidades e institucións culturais</u>: Compartir recursos e promover proxectos de colaboración que optimicen o uso das instalacións. • <u>Deseño dun plan de solucións tecnolóxicas sostibles</u>: Aumentar a eficiencia enerxética e reducir os custos operativos.	críticos de optimización de recursos en caso de recortes. • <u>Diversificar fontes de financiamento</u>: Para non depender exclusivamente de fondos públicos ou dunha única partida orzamentaria. • <u>Observación da competencia interuniversitaria</u>: Destacar os investimentos realizados na mellora da infraestrutura mediante campañas que os fagan visibles.
--	---	--

5.4. Diagnose estratéxica da LEC-3: Proxección social

5.4.1. Análise DAFO

LEC-3	ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
Factores internos vinculados ao presente	Fortalezas • <u>Vontade de PDI e PTXAS</u>: Alto interese por levar á sociedade os avances e resultados da investigación e do coñecemento xerado. • <u>Multidisciplinariedade académica</u>: A FXH cobre áreas de coñecemento chave no momento actual, cun potencial alto para impactar na sociedade. • <u>Capacidade investigadora consolidada</u>: A existencia de grupos de investigación con experiencia facilita a transferencia de coñecemento a institucións e colectivos sociais. • <u>Potencial en proxectos culturais e educativos</u>: A relación co patrimonio e a	Debilidades • <u>Escasa visibilidade social</u>: A conexión co público xeral é limitada, dificultando a percepción social da relevancia do traballado na FXH. • <u>Dificultades na transmisión do coñecemento</u>: Os contidos xerados non sempre chegan ao público non especializado de forma accesible e amigable. • <u>Recursos económicos insuficientes</u>: A dependencia de financiamento público e a falta de fontes alternativas reduce a capacidade para afrontar proxectos ambiciosos. • <u>Infraestruturas limitada para a interacción</u>: Carencias en

	cultura local ofrece vantaxes para liderar iniciativas de impacto territorial. • <u>Posicionamento internacional</u>: A FXH conta con vínculos coa comunidade científica global, o que favorece a internacionalización desde o local. • <u>Programas de intercambio e mobilidade</u>: As iniciativas como Erasmus e outras colaboracións internacionais enriquecen as perspectivas globais e permiten establecer redes científicas que reforzan a súa relevancia.	espazos específicos para actividades de conexión social, como obradoiros ou eventos participativos.
Factores externos vinculados ao futuro	Oportunidades • <u>Demanda de solucións a retos sociais</u>: As institucións, empresas e colectivos buscan cada vez máis colaboracións para afrontar desafíos como o cambio climático, a planificación urbana ou a preservación do patrimonio, entre outros. • <u>Apoio a proxectos culturais e científicos</u>: O crecemento do interese por iniciativas culturais e educativas permite promover actividades dirixidas ao público. • <u>Impacto da tecnoloxía dixital</u>: O uso de plataformas dixitais facilita a difusión do coñecemento, así como a	Ameazas • <u>Desconexión social cos estudos humanísticos</u>: A percepción da irrelevancia das humanidades por parte de certos sectores pode limitar a participación en proxectos culturais ou educativos. • <u>Competencia con outros centros</u>: Outras universidades e institucións culturais poden captar a atención e os recursos necesarios. • <u>Mudanzas lexislativas ou políticas</u>: Cambios nas prioridades educativas e culturais poden afectar o financiamento e o apoio institucional.

	participación e colaboración en proxectos internacionais. • <u>Colaboracións locais e internacionais</u>: A conexión co tecido social galego pode ser un trampolín para establecer vínculos globais en proxectos de impacto cultural e educativo.	
--	--	--

5.4.2. Análise CAME

LEC-3	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Fortalezas	Estratexias de reforzo • <u>Reforzar a divulgación académica</u>: Valorar a creación dun boletín regular que recolla as investigacións, actividades e proxectos destacados, dirixido tanto á comunidade universitaria como ao público en xeral, así como potenciar as redes sociais e a web oficial da FXH como espazo para compartir as actividades. • <u>Impulsar a colaboración co tecido empresarial</u>: Establecer proxectos con empresas interesadas nas temáticas da FXH e crear oportunidades de formación para profesionais adaptados ás necesidades do mercado laboral. • <u>Explorar a creación da figura de embaixadores culturais</u>: Designar a alumnos e PDIs como embaixadores culturais da FXH, encargados de divulgar as súas actividades e o seu impacto	Estratexias correctoras • <u>Captar recursos alternativos</u>: Buscar financiamento externo mediante colaboracións con empresas, fundacións ou proxectos europeos que permitan paliar a dependencia dos recursos públicos. • <u>Adaptar a linguaxe do coñecemento</u>: Promover accións que traduzan os resultados da investigación a formatos accesibles e comprensibles para o público xeral e incrementar, así, a visibilidade social. • <u>Mellorar as infraestruturas de interacción</u>: Crear ou modernizar espazos físicos e virtuais onde se poidan levar a cabo actividades de conexión social, como eventos culturais, obradoiros ou exposicións.

	en eventos locais, nacionais e internacionais.	
Debilidades	Estratexias de acción • <u>Creación dun plan de formación continua</u>: Ofrecer cursos, talleres e programas especializados para profesionais, docentes e público xeral, enfocados en temas de actualidade. • <u>Promoción da ciencia cidadá</u>: Implicar á sociedade en proxectos de investigación, como a recompilación de datos sobre patrimonio desaparecido, análise de mapas históricos ou conservación de paisaxes culturais. • <u>Ampliar a participación en proxectos europeos</u>: Incrementar a presenza en iniciativas financiadas pola Unión Europea, como <i>Erasmus+</i>, <i>Horizon Europe</i> ou <i>Creative Europe</i>, para proxectos de impacto cultural e educativo. • <u>Organización de eventos abertos ao público</u>: Impulsar conferencias, feiras, exposicións e semanas temáticas centradas en temas relevantes (como o cambio climático, os conflitos históricos ou a evolución das cidades), promovendo a participación cidadá. • <u>Fomentar o intercambio de “aulas abertas” para PDI e PTXAS</u>: Listaxe de aulas	Estratexias de resiliencia • <u>Revalorizar as humanidades</u>: Promover campañas de sensibilización sobre a relevancia das disciplinas humanísticas para entender e afrontar os retos globais. • <u>Incrementar a colaboración con outros centros</u>: Establecer alianzas con outras universidades e institucións para compartir recursos e maximizar o impacto das actividades de proxección social.

	sobre temáticas relevantes nas que poidan participar como oíntes colegas da FXH.	
--	--	--

5.5. Diagnose estratéxica da LEC-4: Benestar das persoas

5.5.1. Análise DAFO

LEC-4	ASPECTOS POSITIVOS	ASPECTOS NEGATIVOS
Factores internos vinculados ao presente	Fortalezas • <u>Compromiso explícito co benestar</u>: A FXH recoñece a importancia do benestar físico e emocional da súa comunidade como base para o seu funcionamento. • <u>Enfoque na igualdade e diversidade</u>: Promoción de medidas para fomentar a inclusión e a igualdade e reforzar o compromiso ético e social do centro. • <u>Espazo académico baseado no diálogo</u>: Estase a apostar por un ambiente participativo e en colaboración promove a cohesión da comunidade universitaria. • <u>Sensibilidade cara á conciliación</u>: A atención a políticas que facilitan a conciliación da vida laboral, académica e persoal é unha fortaleza da FXH na atracción e retención de talento.	Debilidades • <u>Carencia de recursos específicos</u>: A posta en marcha de programas de apoio ao benestar pode verse limitada pola falta de financiamento ou persoal especializado. • <u>Dificultade na detección de necesidades</u>: Non sempre se identifican a tempo os retos emocionais ou persoais da comunidade, o que pode dificultar unha resposta efectiva. • <u>Falta de formación en xestión emocional e resolución de conflitos</u>: O persoal e o alumnado poden carecer de ferramentas para afrontar situacións de estrés ou conflitos. • <u>Desigual implicación da comunidade</u>: Pode existir un interese variable entre o alumnado, PDI e PTXAS, dificultando a participación activa en iniciativas de benestar.
Factores externos vinculados ao futuro	Oportunidades • <u>Apoio social crecente ao benestar emocional</u>: O	Ameazas • <u>Incremento dos niveis de estrés e ansiedade</u>: Factores

	contexto actual valora cada vez máis a saúde mental, facilitando a aceptación de medidas neste ámbito. • <u>Programas institucionais e externos de apoio</u>: Acceso a recursos e proxectos externos (como plans universitarios de saúde mental ou iniciativas europeas de igualdade) que poden ser aproveitados. • <u>Tecnoloxías dixitais</u>: Ferramentas como aplicacións de benestar, enquisas dixitais ou plataformas de consulta poden facilitar a comunicación e a incorporación de medidas. • <u>Colaboración con outras facultades e institucións</u>: A creación de sinerxías coas facultades da USC e outros centros educativos pode amplificar o impacto das iniciativas.	externos como crises sociais, económicas ou sanitarias poden intensificar os problemas de saúde mental na comunidade. • <u>Desafíos para a igualdade real</u>: As diferenzas estruturais ou culturais poden dificultar o desenvolvemento efectivo de políticas igualitarias. • <u>Resistencia ao cambio</u>: Algúns membros da comunidade poden mostrar resistencia a novos enfoques ou políticas relacionadas co benestar. • <u>Falta de apoio sostido</u>: A continuidade destas medidas pode verse comprometida pola dependencia de recursos económicos e institucionais variables.
--	---	---

5.5.2. Análise CAME

LEC-4	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Fortalezas	Estratexias de reforzo • <u>Consolidar a cultura de igualdade e diversidade</u>: Continuar promovendo accións que garantan a inclusión e a igualdade de oportunidades, como talleres de sensibilización, programas de <i>mentoring</i> ou políticas igualitarias en	Estratexias correctoras • <u>Incorporar mecanismos de detección temperá</u>: Establecer sistemas de enquisas anónimas ou canles de comunicación confidenciais para identificar problemas emocionais, persoais ou profesionais antes de que escalen.

	procesos de selección e promoción. • <u>Fortalecer os espazos de igualdade, diálogo e participación</u>: Manter os mecanismos de toma de decisións colectivas, promovendo a participación activa de alumnado, PDI e PTXAS en iniciativas que melloren o benestar común. • <u>Dar prioridade á conciliación</u>: Garantir que as políticas de conciliación sexan accesibles e flexibles. • <u>Destacar a existencia programas de apoio emocional</u>: Atender ás necesidades de asesoramento psicolóxico ou orientación para apoiar as persoas que enfronten retos emocionais ou persoais	• <u>Formar en xestión emocional e resolución de conflitos</u>: Ofrecer formación específica para o alumnado, PDI e PTXAS en forma de ferramentas de xestión do estrés, traballo en equipo e resolución de conflitos. • <u>Incrementar a implicación comunitaria</u>: Diseñar estratexias para motivar unha participación máis ampla, como recoñecementos ou incentivos para as persoas que colaboren activamente en proxectos de benestar. • <u>Incrementar os recursos destinados ao benestar</u>: Buscar fontes adicionais de financiamento ou apoio institucional para ampliar programas de apoio emocional, formación en saúde mental e conciliación.
Debilidades	Estratexias de acción • <u>Aproveitar programas externos de saúde e igualdade</u>: Participar en iniciativas institucionais ou programas europeos que financien proxectos relacionados co benestar, a igualdade e a diversidade. • <u>Establecer redes de colaboración</u>: Crear sinerxías con outras facultades, universidades e institucións para compartir boas prácticas e recursos en programas de benestar.	Estratexias de resiliencia • <u>Prever o impacto de crises externas</u>: Diseñar plans de acción fronte a situacións de estrés global (pandemias, crises económicas), asegurando o apoio emocional e organizativo á comunidade. • <u>Abordar a resistencia ao cambio</u>: Comunicar os beneficios das iniciativas de benestar de forma transparente e inclusiva, garantindo que toda a comunidade entenda a súa importancia.

	• <u>Organizar eventos temáticos:</u> Promover xornadas, charlas ou talleres abertos sobre saúde mental, conciliación e inclusión, co obxectivo de sensibilizar e involucrar toda a comunidade.	• <u>Mitigar a desigualdade estrutural:</u> Facer unha análise periódica para identificar e corrixir desigualdades ou barreiras que poidan dificultar a igualdade real no acceso a recursos ou oportunidades.
--	---	---

6. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

6.1. Introducción aos obxectivos estratéxicos

Segundo sinala a guía da USC para a elaboración do PEC, cada unha das diferentes liñas estratéxicas definidas no Plan deben completarse nun cadro de mando que estableza os obxectivos estratéxicos, coas correspondentes accións asociadas, así como os posibles indicadores de execución. O PEC da FXH estrutúrase arredor de varias liñas que buscan afrontar os retos dun mundo en constante cambio, garantindo a súa relevancia académica, científica e social. Cada liña estratéxica está orientada a fortalecer aspectos clave do funcionamento da FXH mediante unha visión integradora que considere o centro como un conxunto unificado, onde todos os membros da comunidade —alumnado, PDI e PTXAS— contribúan de maneira activa á consecución dos obxectivos marcados. Esta perspectiva de interconexión de tódolos elementos supón que calquera mellora ou reto nun deles repercute nos demais (Figura 2). Por exemplo, investir en infraestrutura non só beneficia á calidade académica, senón que tamén promove o benestar e amplía a capacidade de proxección da FXH. O éxito depende, polo tanto, do equilibrio e a cooperación entre todas as liñas estratéxicas.




Figura 2. Diagrama conceptual das relacións entre as LEC.

Cómpre destacar tres aspectos dos obxectivos estratéxicos e cadros de seguimento asociados. Primeiro, que as ameazas detectadas vinculadas a desafíos como a busca de fondos económicos, as flutuacións na retribución pública de axudas ou os cambios no marco lexislativo teñen un carácter transversal. Estas cuestións poden afectar á capacidade da FXH para incorporar e manter as accións planificadas, así como para adaptarse de maneira efectiva ás demandas sociais, tecnolóxicas e culturais. Segundo, e en relación co anterior punto, considerouse esencial dar prioridade e seleccionar aqueles obxectivos e accións que resulten máis relevantes, realistas e asumibles para a FXH, tendo en conta os recursos dispoñibles, o tempo de execución e as capacidades do persoal. Este enfoque busca garantir a viabilidade e efectividade do plan estratéxico, sen pretender abarcar a totalidade das cuestións identificadas na análise DAFO, senón centrarse nas máis prioritarias e de maior impacto para a consecución dos fins institucionais. Por último, en terceiro lugar, o enfoque que se buscou para o deseño dos obxectivos e accións asociadas está baseada (i) na participación activa mediante a implicación dos grupos de interese e que as medidas respondan ás súas necesidades reais; (ii) a efectividade das solucións, é dicir, un plan baseado nun diagnóstico previo será máis eficiente e dirixido a problemas concretos; e (iii) a mellora continua, de xeito que se xere unha base sólida para a planificación de accións futuras e fomente unha cultura de colaboración na FXH.

Coa intención de facilitar a organización e lectura dos cadros de seguimento, expóñense a continuación e mediante epígrafes, cada liña estratéxica cos seus obxectivos estratéxicos (O) e estas coas accións (A) correspondentes, así como un cronograma para os anos 2025 e 2026 (Figura 3):

- **LEC-1. CALIDADE ACADÉMICA E CIENTÍFICA PARA O FUTURO**
 - **O1. Impulsar a innovación docente**
 - A1. Ciclos de indagación para a mellora dos programas formativos de Grao e Mestrado
 - A2. Seminarios de aprendizaxe colaborativa (integración de metodoloxías activas)
 - A3. Atender ao reto dixital e dar resposta as súas demandas
 - **O2. Racionalización e optimización da xestión académica**
 - A1. Análise da eficiencia dos procesos e procedementos asociados cá xestión académica
 - A2. Cumprir coas pautas para lograr a Acreditación Institucional do Centro (ACSUG)
 - A3. Mellorar a comunicación entre os diversos grupos interese e o EDC
 - **O3. Solucións científicas baseadas na necesidade**
 - A1. Realizar un diagnóstico participativo sobre as necesidades e as eivas na produción científica
 - A2. Desenvolver un plan de mellora baseado nas necesidades detectadas

- **LEC-2. OPTIMIZACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E RECURSOS**
 - O1. Adaptar as infraestruturas ás necesidades de docencia e investigación
 - A1. Verificar grao de cumprimento do establecido polo Plan Director do Centro
 - A2. Realizar unha avaliación participativa de infraestruturas e recursos
 - A3. Elaborar un orzamento de acordo ás necesidades detectadas
 - A4. Adquisición e/ou renovación de equipamentos indispensables
 - O2. Racionalizar a ocupación de espazos e favorecer o traballo colectivo
 - A1. Re-avaliar a distribución de espazos en función das necesidades reais
 - A2. Continuar coa definición de espazos específicos para o traballo colaborativo
 - O3. Garantir a adecuación e conservación dos espazos e fondos da biblioteca, promovendo a súa sustentabilidade funcional e estrutural
 - A1. Diagnóstico estrutural e planificación económica
 - A2. Viabilidade dun espazo alternativo
 - A3. Negociación de espazos seguros e acordos externos
 - A4. Garantir recursos financeiros específicos
 - A5. Optimización dos espazos mediante expurgo
 - O4. Controlar a exposición ao gas radón na comunidade do centro
 - A1. Seguimento das medidas correctoras implantadas
- **LEC-3. PROXECCIÓN SOCIAL**
 - O1. Impulsar a colaboración coas institucións, empresas e organizacións sociais
 - A1. Identificar necesidades e colaboracións con institucións, empresas e organizacións sociais
 - A2. Fixar mecanismos de colaboración
 - O2. Promover a divulgación científica e cultural
 - A1. Creación dun catálogo de conferencias públicas
 - A2. Sistematización da produción de material para RRSS
 - A3. Xornadas de portas abertas por días internacionais

- **LEC-4. BENESTAR DAS PERSOAS**
 - **O1. Promover o benestar emocional da comunidade do centro**
 - A1. Poñer a saúde mental no centro da vida cotiá
 - A2. Racionalizar horarios e actividades
 - **O2. Igualdade, inclusión, participación e convivencia democrática**
 - A1. Construír un centro igualitario, diverso e non discriminatorio
 - A2. Incentivar a participación dos membros da comunidade universitaria nos procesos de toma de decisións e na vida do centro




Figura 3. Cronograma de accións correspondentes cos obxectivos de cada LEC.

6.2. Cadros de seguimento das LEC baseadas en obxectivos

LEC-1: Calidade académica e científica para o futuro	
<i>Obxectivo estratéxico 1: Impulsar a innovación docente</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> Mellorar a aprendizaxe do alumnado, promovendo o pensamento crítico, a resolución de problemas e a participación activa. Este obxectivo busca actualizar e enriquecer os programas formativos de Grao e Mestrado, integrando ferramentas e enfoques modernos que faciliten a preparación dos estudantes para os desafíos do século XXI.	
<u>Responsable de seguimento:</u> Horacio García (Vicedecano de Asuntos Académicos)	<u>Inicio:</u> Feb/25
	<u>Fin:</u> Dec/26
Acción 1: Ciclos de indagación para a mellora dos programas formativos de Grao e Mestrado	
<u>Responsable de execución:</u> Coordinadores de Grao e Mestrado	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Relatorios de revisión e mellora de programas formativos	<u>Indicador:</u> Número de ciclos de indagación realizados
	<u>Meta:</u> Realizar 2 ciclos anuais (1 por semestre)
Acción 2: Seminarios de aprendizaxe colaborativa (integración de metodoloxías activas)	
<u>Responsable de execución:</u> Horacio García	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Actas e materiais dos seminarios realizados	<u>Indicador:</u> Número de seminarios organizados
	<u>Meta:</u> Organizar 2 seminarios ao ano
Acción 3: Atender ao reto dixital e dar resposta ás súas demandas	
<u>Responsable de execución:</u> Horacio García	<u>Período de execución:</u> Xuñ/25 a Xul/26
<u>Evidencia documental:</u> Informes de avaliación do impacto dixital na docencia (p.e., enquisas ao profesorado sobre o uso de ferramentas dixitais)	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de materias adaptadas ás demandas dixitais
	<u>Meta:</u> Incremento dun 20% das materias adaptadas ao final de 2027
<i>Obxectivo estratéxico 2: Racionalización e optimización da xestión académica</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> Identificar e corrixir as deficiencias nos procesos internos, propoñer solucións efectivas e facilitar unha comunicación fluída entre todos os colectivos implicados.	
<u>Responsable de seguimento:</u> Vicedecano de Asuntos Académicos	<u>Inicio:</u> Feb/25
	<u>Fin:</u> Dec/26
Acción 1: Análise da eficiencia dos procesos e procedementos asociados cá xestión académica	
<u>Responsable de execución:</u> Horacio García	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/25
<u>Evidencia documental:</u> Informe de diagnóstico da eficiencia, cos procesos identificados e avaliados	<u>Indicador:</u> Número de procedementos avaliados e porcentaxe de procesos con propostas de mellora identificadas
	<u>Meta:</u> Avaliar o 100% dos procedementos académicos existentes e propoñer melloras no 70% dos procedementos avaliados
Acción 2: Cumprir coas pautas para lograr a Acreditación Institucional do Centro (ACSUG)	
<u>Responsable de execución:</u> Horacio García	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/26
	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de pautas cumpridas

<u>Evidencia documental:</u> Pautas da Acreditación Institucional do Centro (ACSUG)	<u>Meta:</u> Cumprir o 80% das pautas
Acción 3: Mellorar a comunicación entre os diversos grupos interese e o EDC	
<u>Responsable de execución:</u> Horacio García	<u>Período de execución:</u> Set/25 a Dec/25
<u>Evidencia documental:</u> Rexistro de reunións e apertura de canles de comunicación	<u>Indicador:</u> Número de reunións anuais entre os grupos de interese e o equipo directivo
	<u>Meta:</u> Realizar dúas reunións anuais e establecer unha nova canle de comunicación
Obxectivo estratéxico 3: Solucións científicas baseadas na necesidade	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> Implicar directamente aos investigadores no proceso de diagnóstico e mellora, co fin de identificar e corrixir eivas no contexto científico, así como establecer accións que impulsen unha investigación de maior calidade e impacto.	
<u>Responsable de seguimento:</u>	<u>Inicio:</u> Feb/25
Vicedecano de Asuntos Académicos	<u>Fin:</u> Dec/26
Acción 1: Realizar un diagnóstico participativo sobre as necesidades e as eivas na produción científica	
<u>Responsable de execución:</u> Horacio García	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Xul/25
<u>Evidencia documental:</u> Informe diagnóstico coas eivas identificadas e propostas de mellora priorizadas derivadas dun proceso participativo no que os investigadores poidan identificar os principais retos que afrontan na súa actividade científica (infraestruturas, financiamento, recursos, formación etc.)	<u>Indicador:</u> Número de investigadores que participan no diagnóstico
	<u>Meta:</u> Implicar ao 50% dos PDIs no proceso de diagnóstico
Acción 2: Desenvolver un plan de mellora baseado nas necesidades detectadas	
<u>Responsable de execución:</u> Horacio García	<u>Período de execución:</u> Set/25 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Plan de mellora	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de medidas viables en relación coas propostas prioritarias do diagnóstico
	<u>Meta:</u> Iniciar co desenvolvemento das dúas propostas máis relevantes

LEC-2: Optimización de infraestruturas e recursos	
Obxectivo estratéxico 1: Adaptar as infraestruturas ás necesidades de docencia e investigación	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> A adecuación das infraestruturas e dos recursos materiais resulta esencial para garantir unha docencia e investigación de calidade, respondendo ás necesidades reais da FXH e mellorando a súa capacidade de formación e innovación.	
<u>Responsable de seguimento:</u>	<u>Inicio:</u> Feb/25
Dolores Barral Rivadulla (Vicedecana de Asuntos Económicos)	<u>Fin:</u> Dec/26
Acción 1: Verificar grao de cumprimento do establecido polo Plan Director do Centro	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/26

<u>Evidencia documental:</u> Informe de seguimento do Plan Director	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de obxectivos cumpridos segundo o Plan Director
	<u>Meta:</u> Cumprir o 30% dos obxectivos previstos no plan
Acción 2: Realizar unha avaliación participativa de infraestruturas e recursos	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Mai/25 a Out/25
<u>Evidencia documental:</u> Actas e resultados da avaliación participativa	<u>Indicador:</u> Número de participantes na avaliación
	<u>Meta:</u> Involucrar a máis do 50% do PDI e do 30% do alumnado
Acción 3: Elaborar un orzamento de acordo ás necesidades detectadas	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Out/25 a Dec/25
<u>Evidencia documental:</u> Documento do orzamento	<u>Indicador:</u> Grao de adecuación do orzamento ás necesidades detectadas (medido mediante unha enquisa ao equipo de xestión)
	<u>Meta:</u> Alcanzar un 80% de valoración positiva
Acción 4: Adquisición e/ou renovación de equipamentos indispensables	
<u>Responsable de execución:</u> José Arosa Salgado	<u>Período de execución:</u> Xan/26 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Rexistro de adquisicións e inventario actualizado	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de renovación dos equipamentos obsoletos
	<u>Meta:</u> Renovar o 50% dos equipamentos considerados críticos
<i>Obxectivo estratéxico 2: Racionalizar a ocupación de espazos e favorecer o traballo colectivo</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> A distribución eficiente dos espazos e a creación de áreas específicas para o traballo colaborativo fomentan a interacción, a creatividade e a produtividade tanto no ámbito docente como investigador.	
<u>Responsable de seguimento:</u> Dolores Barral Rivadulla (Vicedecana de Asuntos Económicos)	<u>Inicio:</u> Feb/25
	<u>Fin:</u> Dec/25
Acción 1: Re-avaliar a distribución de espazos en función das necesidades reais	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Ago/25
<u>Evidencia documental:</u> Informe de avaliación da distribución de espazos	<u>Indicador:</u> Número de espazos reorganizados segundo as necesidades identificadas
	<u>Meta:</u> Reorganizar o 50% dos espazos que non compren coas necesidades detectadas
Acción 2: Continuar coa definición de espazos específicos para o traballo colaborativo	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Set/25
	<u>Indicador:</u> Número de novos espazos habilitados para o traballo colectivo

<u>Evidencia documental:</u> Plano actualizado dos espazos e informe de uso dos espazos colaborativos	<u>Meta:</u> Crear ou habilitar 2 novos espazos colaborativos
---	---

Obxectivo estratéxico 3: <i>Garantir a adecuación e conservación dos espazos e fondos da biblioteca, promovendo a súa sustentabilidade funcional e estrutural</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> A biblioteca é un recurso fundamental para o desenvolvemento académico, cultural e investigador da facultade. Non obstante, os problemas estruturais e a falta de espazos adecuados poñen en risco a conservación dos fondos bibliográficos e limitan a súa accesibilidade e crecemento. Este obxectivo estratéxico busca abordar estes desafíos mediante solucións que garantan a funcionalidade, sustentabilidade e conservación do espazo e dos seus recursos, promovendo un uso eficiente e duradeiro que asegure o seu valor para as xeracións actuais e futuras.	
<u>Responsable de seguimento:</u> Dolores Barral Rivadulla (Vicedecana de Asuntos Económicos)	<u>Inicio:</u> Feb/25
	<u>Fin:</u> Dec/26
Acción 1: Diagnóstico estrutural e planificación económica	
<u>Responsable de execución:</u> Isabel Sempere Serrano	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/25
<u>Evidencia documental:</u> Informe técnico e documento de estimación económica	<u>Indicador:</u> Informe técnico e estimación completados (%)
	<u>Meta:</u> Completar o diagnóstico e a planificación ao 100% dentro do prazo establecido
Acción 2: Viabilidade dun espazo alternativo	
<u>Responsable de execución:</u> Isabel Sempere Serrano	<u>Período de execución:</u> Out/25 a Xuñ/26
<u>Evidencia documental:</u> Informe de viabilidade e proposta de adecuación	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de viabilidade determinada
	<u>Meta:</u> Determinar a viabilidade ao 100% dentro do prazo establecido
Acción 3: Negociación de espazos seguros e acordos externos	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Xan/26 a Xuñ/26
<u>Evidencia documental:</u> Actas de negociación e acordos asinados	<u>Indicador:</u> Número de espazos ou acordos formalizados
	<u>Meta:</u> Formalizar polo menos 1 acordo interno e 1 externo para espazos seguros nun prazo de 8 meses
Acción 4: Garantir recursos financeiros específicos	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Xan/26 a Xuñ/26
<u>Evidencia documental:</u> Actas de reunións e documento orzamentario asignado	<u>Indicador:</u> Orzamento aprobado e asignado (%)
	<u>Meta:</u> Garantir unha asignación orzamentaria específica nun prazo dun ano

Acción 5: Optimización dos espazos mediante expurgo	
<u>Responsable de execución:</u> Isabel Sempere Serrano	<u>Período de execución:</u> Xan/26 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Documento da política de expurgo e rexistro de exemplares transferidos	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de fondos avaliados e transferidos
	<u>Meta:</u> Transferir un mínimo do 25% dos fondos seleccionados a depósitos seguros nun ano
Obxectivo estratéxico 4: <i>Controlar a exposición ao gas radón na comunidade do centro</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> O gas radón representa un risco ambiental significativo para a saúde. É facer un seguimento de control sobre as medidas xa incorporadas para paliar o problema.	
<u>Responsable de seguimento:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Inicio:</u> Feb/25
	<u>Fin:</u> Dec/26
Acción 1: Seguimento das medidas correctoras implantadas	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Informe técnico cos resultados da avaliación de seguimento (control do informe subcontratado)	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de espazos avaliados e medidas correctoras aplicadas
	<u>Meta:</u> Reducir os niveis de radón nas zonas afectadas por debaixo do límite recomendado pola OMS (Organización Mundial da Saúde)

LEC-3: Proxección social	
Obxectivo estratéxico 1: <i>Impulsar a colaboración coas institucións, empresas e organizacións sociais</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> Responde á oportunidade de establecer conexións co tecido empresarial e social para afrontar diversos retos actuais.	
<u>Responsable de seguimento:</u> Manuela Costa Casais (Secretaria EDC)	<u>Inicio:</u> Feb/25
	<u>Fin:</u> Dec/26
Acción 1: Identificar necesidades e colaboracións con institucións, empresas e organizacións sociais	
<u>Responsable de execución:</u> Coordinadores PAE	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/25
<u>Evidencia documental:</u> Base de datos de institucións e empresas con necesidades identificadas	<u>Indicador:</u> Número de institucións contactadas e diagnosticadas
	<u>Meta:</u> Identificar un mínimo de 20 colaboracións potenciais
Acción 2: Fixar mecanismos de colaboración	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Set/25 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Acordos ou convenios asinados	<u>Indicador:</u> Número de novos convenios formalizados
	<u>Meta:</u> Asinar 10 novos convenios de colaboración

Obxectivo estratéxico 2: Promover a divulgación científica e cultural	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> Aborda a debilidade de visibilidade social limitada e o reto de adaptar a linguaxe científica ao público xeral. Potencia a participación social en actividades culturais e educativas e aproveita as vantaxes das tecnoloxías dixitais para a difusión.	
Acción 1: Creación dun catálogo de conferencias públicas	
<u>Responsable de execución:</u> Manuela Costa Casais	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Documento dixital co catálogo completo	<u>Indicador:</u> Número de conferencias incluídas <u>Meta:</u> Ter un catálogo con 5 conferencias públicas
Acción 2: Sistematización da produción de material para redes sociais	
<u>Responsable de execución:</u> Dolores Barral Rivadulla	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Xul/26
<u>Evidencia documental:</u> Informes de planificación e execución de campañas en redes sociais	<u>Indicador:</u> Número de publicacións mensuais <u>Meta:</u> Publicar 6 contidos mensuais durante o curso académico 2025/26
Acción 3: Xornadas de portas abertas por días internacionais	
<u>Responsable de execución:</u> Coordinadores de Grao	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Xul/26
<u>Evidencia documental:</u> Programas das xornadas realizadas	<u>Indicador:</u> Número de xornadas realizadas <u>Meta:</u> Organizar 4 xornadas relacionadas con días internacionais relevantes no curso académico 2025/26

LEC-4: Benestar das persoas	
Obxectivo estratéxico 1: Promover o benestar emocional da comunidade do centro	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> Responder ás debilidades detectadas relacionadas coas necesidades emocionais e falta de recursos específicos. Aproveitar a oportunidade do apoio social crecente á saúde mental e os programas institucionais dispoñibles.	
<u>Responsable de seguimento:</u> Antonio Míguez Macho	<u>Inicio:</u> Feb/25 <u>Fin:</u> Xul/26
Acción 1: Poñer a saúde mental no centro da vida cotiá	
<u>Responsable de execución:</u> Antonio Míguez Macho	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Xul/26
<u>Evidencia documental:</u> Plan anual de actividades relacionadas coa saúde mental (talleres, charlas, campañas)	<u>Indicador:</u> Número de actividades organizadas <u>Meta:</u> Realizar 2 actividades relacionadas coa saúde mental no curso académico 2025/26
Acción 2: Racionalizar horarios e actividades	
<u>Responsable de execución:</u> Manuela Costa Casais	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Xul/26

<u>Evidencia documental:</u> Novo plan de horarios e distribución de actividades	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de membros da comunidade satisfeitos cos novos horarios (avaliado mediante enquisa)
	<u>Meta:</u> Alcanzar un 70% de satisfacción no curso académico 2025/26
Obxectivo estratéxico 2: <i>Igualdade, inclusión, participación e convivencia democrática</i>	
<u>Xustificación do obxectivo estratéxico:</u> Afrontar ameazas como as desigualdades estruturais e a resistencia ao cambio, reforzando fortalezas como o compromiso co diálogo e a diversidade. Alíña as accións coa estratexia de consolidar unha cultura igualitaria e participativa.	
<u>Responsable de seguimento:</u> Antonio Míguez Macho	<u>Inicio:</u> Feb/25 <u>Fin:</u> Dec/26
Acción 1: Construír un centro igualitario, diverso e non discriminatorio	
<u>Responsable de execución:</u> Antonio Míguez Macho	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Plan de igualdade, diversidade e inclusión actualizado	<u>Indicador:</u> Número de medidas implementadas do plan
	<u>Meta:</u> Executar polo menos 2 medidas específicas no primeiro ano
Acción 2: Incentivar a participación dos membros da comunidade universitaria nos procesos de toma de decisións e na vida do centro	
<u>Responsable de execución:</u> Antonio Míguez Macho	<u>Período de execución:</u> Feb/25 a Dec/26
<u>Evidencia documental:</u> Actas de reunións con participación e informes de actividades con implicación directa dos grupos de interese	<u>Indicador:</u> Porcentaxe de grupos de interese nos procesos de decisión
	<u>Meta:</u> Lograr que o 25% de cada grupo de interese participe activamente nos procesos de decisión

7. DESENVOLVEMENTO DO PEC

7.1. Grupo de traballo responsable da elaboración do PEC

O EDC foi o encargado de elaborar a versión inicial do PEC mentres que a Comisión de Docencia e Calidade do Centro encargouse dunha análise detallada previa a súa aprobación. O conxunto de persoas participantes foron:

- Antonio Míguez Macho (Decano)
- M. Dolores Barral Rivadulla (Vicedecana de Asuntos Económicos)
- Horacio García (Vicedecano de Asuntos Académicos)
- Manuela Costa Casais (Secretaria)

- Daniel Lanero Táboas
- David Soto Fernández
- Fátima Díez Platas
- Federico López Silvestre
- Fernando Pérez Rodríguez
- Juan Manuel Trillo Santamaría
- Lucrezia López
- M. Teresa Vázquez Barbazán
- Miguel Cabo Villaverde
- Miguel Carrero Pazos
- Roberto López López
- Valerià Paül Carril
- Xosé Manoel Sánchez Sánchez

7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC

O proceso de participación dos grupos de interese estivo organizada en dúas etapas. Unha vez elaborada a proposta provisional do Plan Estratéxico do Centro (PEC) polo equipo responsable, procedeuse á súa exposición pública para garantir a máxima transparencia e participación de todos os grupos de interese. Para tal fin, estableceuse como canle de comunicación un formulario da aplicación *Forms* de *OneDrive*, dispoñible desde o 20 de decembro de 2024 ata o 10 de xaneiro de 2025 para todos os membros da comunidade universitaria. O título do formulario foi *ACHEGAS SOBRE O PLAN ESTRATÉXICO DE CENTRO 2024-2026 (PEC)*, no que se sinalaba que “Este formulario serve exclusivamente para recoller as achegas sobre o Plan Estratéxico de Centro 2024-2026 (PEC) de toda a comunidade universitaria pertencente á Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. A finalidade dos datos será a mellora do documento e de calquera acción que contribúa á Facultade en xeral. A data límite para recibir achegas é o venres 10 de xaneiro de 2025 ás 14:00 h”. As cuestións propostas foron (1) Propostas sobre o PEC 2024-2026 e (2) Outras suxestións xerais. Igualmente, trasladouse aos Coordinadores dos Graos a posibilidade de facer achegas grupais a partir da aula virtual.

Recibidas as achegas (exclusivamente de PDI e PTXAS), convocouse á Comisión de Docencia e Calidade do Centro para analizar polo miúdo o documento cos axustes demandados polos grupos de interese. Como último paso, difundíuse de novo o PEC a toda a comunidade integrante da Xunta de Facultade unha semana antes da súa celebración. Aprobouse sen recollida de obxeccións.



FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA | **PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO 2024-2026**